



## “O PATIO CONTA” Medrando en igualdade



Programa de “Construción de relacións e espazos de xogo inclusivos, diversos e libres de estereotipos de xénero”

**ESCOLA DE FAMILIAS:** XOVES 17 DE NOVIEMBRE NO CEIPP OS CASAIS, de 16:30 a 18h.

Espazo participativo no que se abordará a coeducación, a prevención das violencias machistas e a intervención nos espazos de xogo e as relacións dende unha perspectiva de xénero. Previo a esta sesión pedirásevos a colaboración para cubrir unha **enquisa de google forms** e poder facer unha pequena sondaxe sobre aspectos coeducativos e opinións sobre o tema. Pasarásevos o enlace do formulario e poderedes **cubrilo de xeito anónimo entre o 3 e o 10 de novembro**.

**OBRADOIROS CO ALUMNADO DE PRIMARIA:** sesións lúdico-educativas en horario escolar, coa finalidade de traballar os diferentes roles e estereotipos de xénero, analizar como se sinten nos espazos de xogo, coñecer a que xogan e abordar como poderíamos deseñar colectivamente un patio máis inclusivo, activo e sustentable (mural coas realidades actuais e as novas propostas de patio).

**VENRES 11 DE NOVIEMBRE, de 8:50 A 9:40 (1º Primaria) e de 9:40 a 10:30 (2º Primaria)**

**De 12:10 a 13:50 (3º-4º Primaria) 1ª sesión**

**MARTES 15 DE NOVIEMBRE, de 9:40 a 11:20 (5º-6º Primaria) 1ª sesión**

**VENRES 18 DE NOVIEMBRE, de 12:10 a 13:50 (3º-4º Primaria) 2ª sesión**

**MARTES 22 DE NOVIEMBRE, de 9:40 a 11:20 (5º-6º Primaria) 2ª sesión**

**ELABORACIÓN DUNHA GUÍA DE RECURSOS NON SEXISTAS:** documento en pdf para familias e docentes, con información relativa ao traballado nas aulas e numerosos recursos para unha educación en igualdade, libre de machismos.

**XORNADA DE SENSIBILIZACIÓN COMUNITARIA NA ESCOLA E PRESENTACIÓN DA GUÍA:**

**LUNS 28 DE NOVIEMBRE NO CEIPP OS CASAIS, de 16:30 a 18:30h.**

Nesta xornada aberta a toda a comunidade, contaremos o que deu de si o programa e presentárase a guía de recursos e os traballos realizados co alumnado e as familias da escola.

*Actividades impulsadas pola ANPA Río De Va do CEIPP Os Casais e financiada pola Secretaria Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia: Axudas dirixidas ás asociacións de nais e pais do alumnado de centros educativos de Galicia coa finalidade de potenciar a promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero. Operación cofinanciada con Fondos Finalistas do Pacto de Estado contra a violencia de Xénero.*

